

# Caracola

S. JAUREGUIZAR

Quedei mirando para a parede branca do meu dormitorio, quedei mirando para ela aparvado, como se alí estivera a explicación ó que viña de pasar con Luís. Agora terei que berrar para avisar a alguén da familia: á miña muller, Rosa, ou ó meu outro fillo, Eulogio, que traballa na rotativa dun xornal alemán e está na casa de vacacións. Ben, iso me contou a min, que era de vacacións, pero todos sabemos que teño abondo de anos eu estou morrendo, que un cancro vai picoteando a miña alma.

Luís, que agora vive en Burela, estivo tamén na casa. Non habrá dúas horas que marchou. El é viaxante de calzado, anda pola súa conta e non pode coller vacacións como Eulogio, porque non vai comer os zapatos. Como sei que tiña que ir para a costa pedinlle un favor, pedinlle que adiantara nun día a súa viaxe. Non digas parvadas, papá, o médico dixo... O médico pode dicir poñer unha casulla e dicir misa, Luisiño; un home sinte cando a súa vida vai partir, cando está tan canso que renuncia a loitar. Papá, non te poñas dramático.

Non é dramatismo ningún. Quero que me fagas un favor antes de que marche.

Foi na mala hora, cando llo pedín, seino porque el me tomou a dianteira; pero agora non hai que facerlle. Veñen de chamar os de Tráfico ó meu móbil para dicir que se matara caendo co coche desde o viaducto que pasa por riba de Lourenzá. E agora eu teño que chamar á miña muller ou ó meu fillo para que o saiban; pero non é doado, porque a culpa é miña. De ningún máis.

Quería cumprir o meu derradeiro desexo: escoitar o mar. Pedinlle a Luís que se achegara ata a costa co seu móbil. Supoño que Burela ten praia e a min valfame porque quería escoitar o mar de Foz, que era onde ía eu de excursión no autobús que saía da vila, de Chantada, os domingos. Non hai moitos anos da derradeira vez. Estaba agardando, recostado na miña cama e mirando para a parede branca sen que me deran pasado os minutos, a que el chamara dende a beiramar. Pedinlle que se descalzara e quitara os calcetíns e se metera ata onde puidera no mar de Burela, que é o mesmo có de Foz. Había ben anos que non escoitaba a respiración do mar.